

Que é un procesador de textos


É un programa para ordenador que permite escribir textos, ordenalos nunha páxina, engadir-lles imaxes, gravalos, imprimilos...

Case todos os ordenadores que se utilizan normalmente teñen instalado un procesador de textos. Todos funcionan de xeito similar, aínda que hai pequenas diferenzas na forma en que ordenan en pantalla os comandos para realizar accións.

Por onde empezo?

Supón que o teu profesor ou profesora quere que intentes utilizar un destes procesadores de textos para escribir un informe cos teus datos persoais. Convén que pidas axuda. Despois, sigue estes pasos:

1. Arranca o procesador e selecciona un documento novo en branco.
2. Utiliza o teclado para escribir a información. Obterás algo así: Que tes que facer?



Aínda que o teu informe é válido, é moi básico, pouco atractivo e pouco claro. Debes darlle un aspecto que o faga máis doado de ler e que sexa máis agradable á vista, é dicir, debes darlle formato.



Doulle formato ao texto


Dar formato significa organizar o texto na páxina, ordenalo mediante títulos e apartados, facelo máis vistoso e doado de ler...

Para conseguir isto, os procesadores de texto teñen varias ferramentas que podes aplicarlles ás liñas e parágrafos do teu texto ou mesmo a palabras ou letras illadas. Por exemplo:

- Cambiar o tipo, a cor e o tamaño da fonte (o tipo de letra).



- Cambiar a aliñación do texto (esquerda, centrada, dereita...).



- Para gardalo ou imprimir o texto, debes pulsar en símbolos como estes:




Insiro imaxes no documento

Cando realices traballos cun procesador de textos, pode que che interese inserir imaxes para ilustralos. Case todos os procesadores permiten inserir imaxes e aliñalas co texto de varias formas.

A maioría teñen nos seus menús de traballo a opción «Inserir»; dentro desta, a opción «Imaxe», e dentro desta, «Desde arquivo».

Cando escollas esas opcións, abrirase un cadro para que localices a imaxe no teu ordenador e a selecciones.



1 Prepara un traballo utilizando un procesador de textos seguindo estas instrucións:

- Le atentamente o texto que che damos a continuación e sinala as ideas máis importantes.
- Busca un título apropiado para o teu traballo e redacta o teu traballo empregando o procesador de textos.
- Dálle ao texto un formato atractivo e doado de ler (o tamaño mínimo da fonte debe ser de 12 puntos).
- Inclúe algunhas imaxes como as que aparecen na páxina seguinte.
- Preséntalle o traballo ao teu profesor ou á túa profesora.

O embarazo humano desenvólvese nas seguintes etapas:

- **Primeiro trimestre.** O embrión desenvólvese no útero da nai no interior dunha bolsa chea de líquido chamada saco amniótico. Neste período, fórmase un órgano, a placenta, co que extrae osíxeno e nutrientes do sangue da nai.
- **Ás oito semanas,** o embrión pasa a chamarse feto, que xa ten aspecto humano e case todos os órganos formados. Conéctase á placenta mediante o cordón umbilical. Na placenta, o osíxeno e os nutrientes pasan do sangue da nai ao do feto e o dióxido carbono e as substancias de refugallo pasan do sangue do feto ao sangue da nai.
- **Segundo trimestre.** Neste trimestre, o feto comeza a endurecer o esqueleto e perfecciónase. Os seus movementos son cada vez máis fortes e a nai comeza a notalos. O feto empeza a realizar algúns xestos, como engurrar a fronte, tragar ou chuparse o dedo. Ao final do trimestre, o feto está moi desenvolvido, pode medir uns 30 cm e pesar 1 quilo. Así vai crescendo e completando o seu desenvolvemento.
- **Terceiro trimestre.** O feto aumenta de peso e de tamaño rapidamente. Os seus órganos e aparatos rematan de madurar e prepáranse para a vida no exterior. Ao finalizar o trimestre, o feto cambia de postura e encaixa a súa cabeza cara á pelve da nai. Xa pode nacer, mide uns 45 ou 50 centímetros e pesa entre 2,5 e 3 quilos.
- **O parto.** Tras 38 a 40 semanas, o feto completou o seu desenvolvemento. Entón o útero comeza a contraerse, prodúcese a rotura do saco amniótico e ten lugar a saída do bebé a través da vaxina da nai.




- Imaxes para ilustrar o traballo:


Primeiro trimestre



Segundo trimestre



Terceiro trimestre



Final do terceiro trimestre

